



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS MONITORES DE NATACIÓN-SOCCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA “O MUIÑO”, ORDES.

OBXECTO: Contratación laboral temporal, polo sistema de oposición libre, de **DOUS** monitores de natación-socorristas para a piscina municipal descuberta “O Muíño”, Ordes.

CLASE DE PERSOAL: laboral temporal.

TIPO DE CONTRATO:

- Obra ou servizo determinado (Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro).
- Xornada completa (40 horas á semana - luns a domingo), cos descansos establecidos na lei.

DURACIÓN: 18/06/2016 ata 11/09/2016.

FUNCIÓNS:

Monitor: Impartición de cursos de natación.

Socorrista: Realización de tarefas de vixilancia, salvamento e primeiros auxilios.

RETRIBUCIONES:

- Xornada completa: 1.100,00 € brutos/mes (salario, mais prorrata paga extra).

PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA: Taboleiro de Anuncios e web municipal (www.ordes.gal).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o día **03 de xuño de 2016**, dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente, que se presentarán no Rexistro Xeneral do Concello, de 9:00 a 14.00 horas (de luns a venres) ou en calquera das formas previstas no art. 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro. Tamén poderán presentarse a través da sede electrónica do concello (<https://sede.ordes.gal>). Axustaranse ao modelo contido no **Anexo II** das presentes Bases, deberán ir acompañadas dos documentos seguintes.

- Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- Declaración xurada na que se especifique que se cumpren os requisitos para participar nesta convocatoria.
- Copia compulsada da titulación académica esixida.
- Copia compulsada inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Copia compulsada do certificado de coñecemento de lingua galega.
- Certificado médico.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

REQUISITOS:

Xerais:

- Ser español ou cidadán de Unión Europea, de conformidade co disposto no artigo 57.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos, non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación esixida para o posto de traballo.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto, ou posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto naquelas persoas que teñan recoñecida a condición legal de minusválido.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Non acharse comprendido en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade para o acceso á función pública local establecidos na lexislación vixente.
- Estar en posesión do certificado de lingua galega Celga 3, iniciación de lingua galega ou a súa validación si é o caso.

Os requisitos anteriormente enumerados deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o día de formalización do contrato como persoal laboral. O incumprimento de calquera deles conlevará a exclusión da convocatoria.

Específicos:

Monitor natación

- Titulación (entre as seguintes):

Licenciatura en ciencias da actividade física e do deporte (INEF).

Grado en ciencias da actividade física e o deporte.

Técnico de Animación de Actividades Físicas e Deportivas (TAFAD).

Título de monitor de natación expedido pola Federación Española (FEN) ou Galega de Natación (FEGAN).

Calquera outro título que habilite para a ensinanza da natación (mínimo corenta e cinco horas de duración) debidamente homologado.

Socorrista

- Titulación: a establecida no artigo 6.1 ou disposición transitoria única do Decreto 104/2012, de 16 de marzo.
- Figurar inscritos no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

ADMISIÓN DOS ASPIRANTES:

- 07/06/2016, publicación da lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, si é o caso, das causas de exclusión.
- 08/06/2016 (data límite), presentación das alegacións e documentos que se estimen pertinentes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- 09/06/2016, publicación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

As resolucións aprobando as listas provisional e definitiva publicaranse no taboleiro de anuncios e web municipal do Concello.

DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO:

1º exercicio: Aqueles aspirantes que non presenten certificado que acredite o coñecemento do idioma galego mediante a presentación do correspondente certificado ou título, terán que realizar unha proba de galego que consistirá nunha tradución de texto. Que terá lugar o día **10/06/2015, ás 10:00 horas, no salón de plenos do Concello** Este exercicio puntuarase como apto ou non apto, e para superalo deberá obterse o resultado de apto.

2º exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización o **10/06/2015, ás 12:00 horas, no salón de plenos do Concello**, dun exercicio consistente en contestar por escrito, nun tempo máximo de 30 minutos, un cuestionario de preguntas curtas tipo test (**25**), que estarán directamente relacionadas coas funcións propias do posto (monitor de natación-socorrista) (**Anexo I: temario**).

O exercicio valorarase ata un máximo de **10,00 puntos** (a razón de **0,40 puntos** por cada resposta correcta) valorándose con **0,20 puntos** negativos cada tres resposta incorrecta, non sendo obxecto de puntuación (positiva ou negativa) as preguntas non contestadas, sendo excluídos os participantes que non alcancen un mínimo de **5,00 puntos**.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal. Os aspirantes deberán presentarse provistos do DNI e dos medios materiais necesarios que sexan necesarios para a realización deste exercicio.

Prazo de presentación de reclamacións: 13/06/2016 (data límite).

3º exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Desenvolverase en dúas (2) probas de aptitude que serán as adecuadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que se van a realizar, **que terá lugar o día 14/06/2015, ás 9:00 horas, na piscina climatizada municipal, Lg. As Casillas, Ordes:**

1. 200 m. de NADO LIBRE: Valorándose esta proba segundo o seguinte baremo:

TEMPO	NOTA
3'30	10
3'40	9
3'50	8
4'00	7
4'10	6
4'20	5
Máis de 4'20	Non apto

2. 25 m. a cada estilo: Esta proba consistirá en realizar 25 metros a cada un dos estilos de natación (Bolboreta, Costas, Braza e Crol). A puntuación desta proba valorarase cun



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

máximo de 2,5 puntos polo dominio e execución técnica de cada estilo, co que para ser apto nesta proba haberá que sumar un mínimo de 5 puntos na totalidade da valoración da execución dos catro estilos. Para a realización desta proba non se valorará o tempo investido.

A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "O", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda de 3 de febreiro de 2016, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o 03/02/2016 (DOG 12/02/2016).

O exercicio valorarase ata un máximo de **10,00 puntos**, sendo excluídos os participantes que non alcancen un mínimo de **5,00 puntos**.

Prazo de presentación de reclamacións: 15/06/2016 (data límite).

TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Para a realización do exame constituirase un Tribunal Cualificador integrado por:

- Presidente: D. Jesús Carreira Salvadores (Tesoureiro municipal).
- Vogais: D. Juan Luis González Iglesias (Secretario municipal), D^a María Tembra Tüñez (Técnico de Animación Cultural), D^a. Yolanda Cela Villaverde (Agente de Desarrollo Local).
- Secretaria D^a. Pilar Rey Rodís (funcionaria do Concello de Ordes), con voz, pero sin voto.

O Tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTA COMPLEMENTARIA DE RESERVA:

Concluído o proceso selectivo o Tribunal Cualificador, o **16/06/2016**, publicará no taboleiro de anuncios e web municipal do Concello a relación dos aspirantes aprobados por orde de puntuación, con especificación da mesma e simultaneamente elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos aspirantes que lograron a puntuación máis alta.

No caso de empate nas puntuacións a orde de prelación será a seguinte:

- 1º.- Maior puntuación obtida no segundo exercicio.
- 2º.- Maior número de acertos obtidos no terceiro exercicio.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, en función da orde de puntuación alcanzado,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de acordo co previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

PERÍODO DE PROBA: 15 días.

IMPUGNACIÓN:

Contra as presentes bases, así como contra a resolución que aproba a convocatoria, poderá interpoñerse polos interesados recurso potestativo de reposición ante o Alcalde Presidente, no prazo dun mes a contar desde a publicación das mesmas no taboleiro de anuncios e web municipal do Concello, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir de dita publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

Así mesmo, contra as resolucións e actos de trámite do Tribunal Calificador si estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar no procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada impropio ante a autoridade que nomee ao seu Presidente.

INCIDENCIAS:

En todo o non previsto nestas Bases estarase ao disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Ordes, 23 de maio de 2016

O Alcalde-Presidente



José Luis Martínez Sanjurjo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANEXO I: TEMARIO

- 1.- A historia da natación.
- 2.- Metodoloxías que se poden empregar na natación.
- 3.- Enfoques e aplicacións das actividades acuáticas.
- 4.- Consideracións pedagóxicas para os monitores de Natación.
- 5.- Técnicas básicas do estilo crol.
- 6.- Técnicas básicas do estilo braza.
- 7.- Técnicas básicas do estilo costas.
- 8.- Técnicas básicas do estilo bolboreta.
- 9.- Defectos máis comúns nos catro estilos.
- 10.- Natación para adultos.
- 11.- A programación de clases de natación.
- 12.- A programación dun curso intensivo de verán de natación.
- 13.- Xogos e actividades acuáticas.
- 14.- Coñecementos con respecto a primeiros auxilios e o salvamento acuático.
- 15.- Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece o regulamento técnico-sanitario das piscinas de uso colectivo.
- 16.- Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dúas socorristas acuáticos e crear e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- 17.- O socorrismo acuático: concepto, obxectivos e límites.
- 18.- Apunta histórica sobre o socorrismo.
- 19.- Datos de interese relacionados co salvamento e socorrismo.
- 20.- O socorrismo acuático profesional e a súa formación.
- 21.- Diferenzas entre deporte e profesión en salvamento e socorrismo.
- 22.- Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos: educación, información e recursos.
- 23.- Prevención en actividades e programas acuáticos.
- 24.- A vixilancia.
- 25.- Secuencia de actuación ante rescates acuáticos.
- 26.- Técnicas para entrar á auga.
- 27.- Técnicas de nado adaptadas.
- 28.- O buceo.
- 29.- Técnicas de control e zafaduras.
- 30.- Técnicas de traslado de accidentados non medio acuático.
- 31.- Técnicas de traslado de accidentados non medio acuático con material.
- 32.- Técnicas para a extracción de accidentados non medio acuático.
- 33.- Intervención prehospitalaria ante posibles lesionados medulares no medio acuático.
- 34.- Os espazos acuáticos: características e diferenzas de interese non socorrismo acuático.
- 35.- A Bandeira Azul e a súa repercusión nos servizos de socorrismo.
- 36.- A comunicación aplicada a situacións de prevención de riscos.
- 37.- Lexislación relacionada con socorrismo acuático.
- 38.- Cadea de Supervivencia, RCP básica e os grados de afogado.

(Temas 17 a 38): **MANUAL- PALACIOS AGUILAR, JOSÉ (2008):** Socorrismo acuático profesional. Formación para a prevención e a intervención ante accidentes non medio acuático



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANEXO II

SOLICITUDE PARA CUBRIR PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE ORDES- A CORUÑA

I.- DATOS SOLICITANTE:

- Apellidos:
- Nome:
- DNI.:
- Dirección:
- Poboación:
- Provincia:
- Teléfono:
- Correo electrónico:

II.- DOCUMENTACIÓN:

- Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- Declaración xurada na que se especifique que se cumpren os requisitos para participar nesta convocatoria.
- Copia compulsada da titulación académica esixida.
- Copia compulsada inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Copia compulsada do certificado de coñecemento de lingua galega.
- Certificado médico.

DECLARA: Que reúne, con referencia a data en que finaliza ou prazo de presentación de solicitudes, todos e cada un dous requisitos esixidos para a participación non procedemento de selección, aceptando integramente as bases que rexen a convocatoria, sen reserva algunha.

SOLICITA: a súa inclusión no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de **DOUS** monitores natación-socorristas para a piscina municipal descuberta "O Muíño", Ordes.

Ordes, de de 2016

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES